

**ANUNCIO DA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA COMISIÓN DE CONTRATACIÓN DO
GALP A MARIÑA-ORTEGAL**

Nº DE EXPEDIENTE: GALP1-F-007/2023

**LICITACIÓN : SERVIZO DE PERITO INDEPENDENTE PARA VALORACIÓN DE
PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN**

Primeiro.- Reunida a Comisión de Contratación do GALP A Mariña-Ortegal, de forma telemática (zoom) na data do 9 de novembro de 2023 ás 9.30 horas, para resolver o empate resultante da valoración do procedemento de contratación arriba indicado, e asistindo:

NOME	CARGO NA COMISIÓN
D. José Manuel González López	Presidente
D. Ramón Rivas Villares	Secretario
D. José Antonio García Fernandez	Vogal
D. César Graña Varela- Vogal	Vogal
Dª Maria del Carmen López Moreno- Suplente	Suplente
Dª Verónica Díaz Guerreiro	Técnico do GALP A Mariña-Ortegal*

*** Todos os asistentes actúan con voz e voto, a excepción da xerencia (asume as funcións a Técnico por delegación) , que non ten voto.**

Segundo.-

- Que en dita licitación, foron admitidas as propostas presentadas polas dúas empresas participantes no proceso: Arnela Diseño, S.L., con NIF: B27486141 e Proyectos, Soluciones e Instalaciones Galicia, S.L.U., con NIF: B27518570
- Que non resultou excluída ningunha entidade licitante.
- Que logo da valoración, atendendo unicamente ao criterio do PREZO, segundo o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, o resultado da puntuación obtida foi o seguinte:

CRITERIO DE ADJUDICACIÓN ÚNICO- PREZO		
Licitador/a	Oferta económica: Prezo (unitario) (Anexo IV)	Puntuación
Arnela Diseño, S.L.	Informes iniciais: 100,00.-€ (sen IVE)/ud Informes finais: 200,00.-€ (sen IVE)/ud	100
Proyectos, Soluciones e Instalaciones Galicia, S.L.U.	Informes iniciais: 100,00.-€ (sen IVE)/ud Informes finais: 200,00.-€ (sen IVE)/ud	100

- Que habéndose acordado pola Comisión de Contratación, na reunión celebrada en acto público o día 26 de outubro de 2023 (apertura de sobre C), unha vez verificado o empate entre as dúas empresas licitadoras, que o equipo técnico recabara a documentación de ambas empresas a fin resolver o empate entre as dúas.

- Que da documentación recibida por ambas empresas, a Comisión de Contratación, tendo en conta os criterios de desempate indicados nos pregos, e que se indican a continuación:

O empate entre varias ofertas logo da aplicación dos criterios de adjudicación, resolverase mediante a aplicación, por orde, dos seguintes criterios, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación das ofertas:

- 1. Maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal, primando, en caso de igualdade, o maior número de persoas traballadoras fixas en inclusión no cadro de persoal.*
- 2. Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal*
- 3. Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal.*
- 4. Sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dea lugar a desempate.*

Pasa a valorar, pola orde indicada, os criterios sinalados :

- 1. Maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal, primando, en caso de igualdade, o maior número de persoas traballadoras fixas en inclusión no cadro de persoal.*

Non existe persoal traballador con discapacidade nin en situación de exclusión social en ningunha das empresas licitadoras.

2. *Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal*

Licitador/a	Porcentaxe de contratos temporais
Arnela Diseño, S.L.	12,5%
Proyectos, Soluciones e Instalaciones Galicia, S.L.U.	14,28%

Neste caso, aplicando, por orde, o segundo dos criterios establecidos nos pregos para resolver o desempate, Arnela Diseño, S.L. ten menor porcentaxe de temporalidade no seu cadro de persoal, cun 12,5% fronte a un 14,28%

Tendo en conta estes datos, a Comisión de Contratación ACORDA POR UNANIMIDADE, propoñer a adxudicación do contrato de servizo de perito independente para valoración de proxectos de construción, con número de expediente **GALP1-F-007/2023** á empresa **Arnela Diseño, S.L.**, para un período de contratación, dende outubro de 2023 ata o 31 de decembro de 2026, por un importe unitario por proxecto de 100,00 (máis Ive) para os informes previos requiridos na fase de solicitude de axudas e por un importe unitario de 200,00.-€ (máis Ive) para informes finais requiridos na fase de xustificación (parcial e/ou final)

Terceiro.-En base ao anteriormente indicado, como Presidente da Mesa de Contratación, en base á Acta da reunión da Mesa de Contratación celebrada o 9 de novembro de 2023, formulo **proposta provisional de adxudicación do contrato:** **GALP1-F-007/2023 – SERVIZO DE PERITO INDEPENDENTE PARA VALORACIÓN DE PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN** , anteriormente indicado, a favor de a empresa **Arnela Diseño, S.L.**

Ábrese un prazo de 3 días Hábiles para presentar alegacións ao contido desta proposta a contar dende o día seguinte da súa publicación e, no caso de non haber alegacións, esta proposta terá a consideración de definitiva, dirixindo a mesma ao órgano competente do GALP de A Mariña-Ortegal para a adxudicación do contrato de referencia.



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
A Mariña-Ortegal



Cofinanciado por
la Unión Europea

E para que así conste, como Presidente da Mesa de Contratación do GALP A Mariña-Ortegal, asino a presente proposta, en Viveiro a 14 de novembro de 2023.

O PRESENTE DOCUMENTO É COPIA FIEL DO ORIXINAL

D. José Manuel González López
Presidente da Comisión de Contratación
Galp A Mariña-Ortegal